

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extra ordinaria e urxente do 10 de decembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día catorce de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1758).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por unanimidade dos presentes apróbase a ratificación da urxencia da sesión.

2(1759).- CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRÁMITE URXENTE DO PROXECTO DE REPARACIÓNS VARIAS NO PASEO DO RÍO LAGARES. EXPTE. 6706/306.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 23 de novembro emitido polo xefe da oficina administrativa de Contratación coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente, visto o informe da intervención xeral de data 4 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 6706-306 para a contratación das obras do proxecto básico e de execución de reparacións varias no paseo do río Lagares de Vigo.

2º.- Aprobar o gasto de 118.636,49 euros para a execución das obras do proxecto básico e de execución de reparacións varias no paseo do río Lagares de Vigo que se imputarán á partida 445.0.61.10.01 do presuposto do ano 2009.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade de data 18-11-2009.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

kv/me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.